


## Igrexa parroquial de San Salvador

090022

### Datos de Localización

Igrexa

**Nomenclator:** 3203203  
**Coord. UTM:** X: 60695020  
Y: 465488016  
**Concello:** Xinzo de Limia  
**Parroquia:** DAMIL  
**Lugar:** Damil  
**Tipoloxía:** Arquitectura Relixiosa  
**Tipo:** Igrexas  
**Subtipo:** Igrexa



**Denominación:** Igrexa parroquial de San Salvador  
**Etaapa Histórica:** Idade Moderna  
**Estilo relevante** Barroco

### Outros Estilos:

### Descrición:

Damil foi durante moito tempo anexo de Santa María de Xinzo. Polos libros parroquiais tense constancia da existencia dunha igrexa anterior á actual realizada no século XVIII. Este citado edificio, así como o adro asentábanse (e aséntanse a actual igrexa) sobre laxe. Este feito dedúcese das obras realizadas no século XVII na igrexa vella "yo el abbad puse y pague mas quinientos reales a domingo cavallero maestro de canteria por losar la yglesia, allanarla y poner en ella y hacer de nuevo tres sepulturas en el coro, por no las aver antes por ser dicho coro de piedra viba y aver las rompido a pico el sobre dicho, mas por aver compuesto de nuevo los altares colaterales con su peaña, y averse concertado toda la dicha obra en dichos quinientos reales (Libro 17.4.1, fol. 30v, ano 1674). Nos contas do ano 1675 vólense atopar referencias a obras levadas a cabo no edificio (Libro 17.4.1, fol. 31); "A domingo cavallero maestro de canteria por componer el atrio de pared todo al derredor, y allanarlo por la parte del coro roçando a pico las laxes que por aquella parte estaban y poner los assientos de la parte del cavildo, y de la otra parte en la forma que hoy se halla mil y cien reales de vellon - con mas siete fanegas de pan en especie" "Yten a Juan Blanco carpintero por hacer el cavildo del atrio trecientos y settenta y cinco reales". Referente a este cabido no ano 1676 dase outra partida de 100 reais ó carpinteiro Juan Ferrón por traballar na obra (Libro 17.4.1, fol. 32).

Pola visita do ano 1711(Libro 17.4.1, fol., 47v), mándanse seguir facendo máis obras na igrexa; o visitador ordena que se ensanche o retablo maior e que no mesmo se faga unha caixa para poder colocar a reliquia de San Pedro Mártir, que se enlouse a capela maior abrindo antes todas as sepulturas que se poida a proporción das tres que xa había abertas, e por último "se haga una sachristia al lado de la epistola, retirando la pared del atrio a los diestros que estan contiguos a la yglesia". As obras non se fixeron esperar, xa que na relación de gastos que se leva a cabo no mesmo ano xa aparecen mencionadas as obras da sancristía (Libro 17.4.1, fol., 114).

Dos datos anteriores despréndese que este antigo templo xa debía ter certa envergadura. Sábese cando menos que constaba dunha nave, presbiterio, cabido e unha sancristía. Na parte interior estaba ben adornado con retablo maior (realizado a principios do século XVIII. Na visita do ano 1707 xa estaba realizado e manda o visitador que se dore - Libro 17.4.1, fol. 106, 109-. Non obstante, inda se tardan uns cantos anos en cumprir este mandato xa que o retablo debeu pintarse cara finais da década dos anos 20. Encargouse da obra Tomás González pintor da vila de Celanova por 1994 reais -Libro 17.4.1, fol. 129-130) e os dous retablos colaterais (realizados unhas dúas décadas máis tarde có retablo maior -Libro 17.4.1. fol. 120- e pintados por Lorenzo Rodríguez pintor e veciño do lugar -Libro 17.4.1, fol. 121-122-).

No ano 1755 daban comezo as obras da igrexa nova, as cales foron executadas con gran celeridade; *"En quatro de julio de mil setecientos cinquenta, y cinco; aviendo obtenido las licencias necesarias del Ilustrísimo Señor Obispo de Orense Don Agustin de Eura: Yo Don Bernardo Alvarez Salgado Abad de Jinzo, y sus anexos bendige, y puse la primera piedra en la Yglesia de San Salvador de Damil. En diez, y siete de Febrero mil setecientos cinquenta, y siete bendige dicha Yglesia, y cante la primera misa, que en ella se celebró (Libro 17.4.1, fol. 141).*

*"Ymporte de lo que se gastó en ella, su atrio; escalera, y calvario:*

*-Por mano de dicho Don Francisco Manrique se entregaron quatro mil seiscientos, y treinta, y un reales.*

*-Mas de otro papel quatro mil reales, que tambien entregó dicho Francisco Manrique de Lara.*

*-Por mi mano se entregaron en dinero, y otras cosas que se hallan apuntadas con sus precios en los memoriales que formé, a los canteros - carpinteros - y otros oficiales, y mas personas que trahian las cosas necesarias veinte, y mil ochocientos quarenta, y quatro reales, y veinte, y quatro maravedis.*

*-De baca, pescado, y otras cosas a excepcion de las que se hallaban reducidas a dinero en los memoriales por menor, quatrocientos veinte, y nueve reales*

*-De ducientos, y once fanegas, y un ferrado de centeno que yo mande de mi casa, y otras partes cinco mil ducientos, y quarenta, y dos reales".*

A continuación faise un listado de gastos menores para ornatos do interior da igrexa e ó final os gastos da obra suman 39322 reais e 9 maravedís, unha cantidade elevadísima para o momento. Só se pode comprender que este pequeno núcleo rural levase a cabo a factura deste edificio se temos en conta as doacións das que gozou esta obra:

*-Don Francisco Manrique de Lara, abade que foi de Xinzo de Limia, participou na causa cunha partida de 1000 ducados vellón e outra partida de 4000 reais.*

*-Don Benito Lamas Valencia, presbítero e veciño de Damil fixo unha doación de 1000 reais.*

*-Os veciños obrigáronse a pagar 400 ducados vellón para os gastos da igrexa e outros 400 para os gastos do adro.*

Nunha nota recollida ó final do fol. 144 (Libro 17.4.1.) indícase *"Que antes de estos gastos ya se hicieron otros con Antonio Anton cantero, y sus oficiales en quebrantar piedra, y disponerla para la capilla de lo que es superfluo formar cuenta, respecto todos los artesanos esttan satisfechos".*

Non cabe dúbida que o abade Don Francisco Manrique e Lara foi un gran benefactor do templo, así queda constancia mediante unha nota recollida no libro de fábrica (Libro 17.4.1, fol. 144v); *"Para muestra de mi agradecimiento, y memoria de la caridad, y franqueza con que se ha portado Don Francisco Manrique de Lara mi antecesor, declaro: que incluidas las partidas que van puestas en las cuentas, con el retablo, que mando hazer de nuevo, y sagrario correspondiente, dorar todo de alto a vaxo, retocar las ymagenes de el, que estaban deslustradas, costear la lampara, e yncensario de plata, vidrieras de la yglesia, y sachristia, cajones, confesonarios, ornatos de medio tapiz, y otras cosas, tiene dado a sola esta dicha yglesia quarenta, y dos mil reales vellón, y aun mas a mi parecer.*

*Por las mismas razones, declaro: que Don Benito Lamas Valencia, y Don Dionisio Lopez de Cotilla presbiteros vezinos de Damil, han sido especiales bienhechores de la yglesia de su lugar esmerandose en probeherla de ornatos, alhajas, y cosas pertenecientes a su servicio, y adorno, de que estaba necesitada".*

O resultado de todas estas obras e esforzos deu lugar a un fermoso exemplar de barroco rural realizado en perpiaños regulares de boa labra. Consta dunha ampla nave na que se abren dúas capelas, unha en cada un dos lados maiores atopándose practicamente pegadas ó prebiterio. Para contrarrestar as forzas das paredes da nave, adósande ás mesma dous contrafortes. No espacio entre os contrafortes e as capelas ábrese sendas portas alinteladas. A capela maior conta con maior altura ca nave, e adosada á mesma no lado sur aparece a sancristía.

Nas paredes do edificio rezan dúas datas; no testeiro a de 1755 que foi cando se iniciaron as obras e na fachada principal 1757 que foi na data que se remataron.

A fachada principal preséntase flanqueada por dúas grandes pilastras caixeadas, pero a decoración da mesma sitúase en torno á porta de acceso. Aquí de novo repítese o esquema das dúas pilastras sobre basa que enmarcan a porta de entrada. Enriba dos capiteis descansa un entablamento de friso liso, dando paso a cornixa do mesmo ó remate do conxunto. Este remate é un frontón triangular cunha furnela avieirada no medio, dita furnela conta cun pedestal onde no seu día lucía a talla do santo patrón do lugar. O pedestal prolóngase ata a moldura que bordea o oco da porta. Como boa manifestación de exemplar barroco non podían faltar os pináculos rematados en bolas que se distribúen por todo o edificio: a ambos lados da fachada principal, nos ángulos da capela maior, nos da sancristía etc.

Coa construción da igrexa levántase tamén un *viacrucis* sobre o cercado do adro. Componse de cruces latinas de sección cuadrangular coas arestas rebaxadas agás nos extremos. Están asentadas en cadansúa base cúbica. Algúns exemplares presentan símbolos da paixón (coroa de espiñas, cravos etc.). Algunha das cruces xa está desprazada do seu lugar orixinal, partida e tirada na parte exterior do adro. Intercálanse entre as cruces pináculos rematados en bolas semellantes ós que adornan a igrexa.

## DOCUMENTACIÓN:

-A.H.D.OU.

Libro 17.4.1.

- Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Xinzo de Limia. Clave de identificación: R-6.
- Ficha do Inventario do Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico do Ministerio de Cultura.

**BIBLIOGRAFÍA:**

-DE JUANA LÓPEZ, J.: *A Alta Limia. A Terra que medrou vencellada a unha Lagoa*, Ir Indo Edicións, Vigo, 1993, p.108.

**Características Construtivas**

**Plantas:**

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:** Granito

**Mat. Estrutura:** Granito

**Mat. Cuberta:** Tella

**Elementos singulare**

**Construtivos:**

**Decorativos:**

**Delimitación do Ben e da contorna**

**Situación:** Outros

**Area de Protección:** 100m.

**Protección**

**Tipo de ben:** Inventariado

**Proposta de tipo de ben:**

**Estado de Tramitación:** Declarado

**Nivel de Protección Arq.:** Integral

**Proposta Nivel de Protección Arq.**

**Grao de Protección Arq.:** -----

**Proposta Grao de Protección Arq.** -----

**Xustificación da Protección:**

**Titularidade**

**Polígono:**

**Parcela:**

**Conservación-Intervención**

**Estado de Conservació** Bo

**Uso Actual:** Devocional

## Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles

---







